

**INFORME CLIMATOLÓXICO  
MES DE XANEIRO DE 2016**



## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>3</b>
<b>2</b>	<b>DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES .....</b>	<b>4</b>
<b>3</b>	<b>ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA .....</b>	<b>5</b>
<b>4</b>	<b>RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....</b>	<b>7</b>
<b>5</b>	<b>TEMPERATURA .....</b>	<b>10</b>
<b>5.1.</b>	<b>Temperatura media das máximas. ....</b>	<b>10</b>
<b>5.2.</b>	<b>Temperatura media das mínimas. ....</b>	<b>11</b>
<b>5.3.</b>	<b>Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....</b>	<b>12</b>
<b>5.4.</b>	<b>Evolución da temperatura media no período 1961-2016.....</b>	<b>16</b>
<b>6</b>	<b>PRECIPITACIÓN .....</b>	<b>17</b>
<b>6.1.</b>	<b>Precipitación acumulada mensual Xaneiro 2016 .....</b>	<b>17</b>
<b>6.2.</b>	<b>Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....</b>	<b>18</b>
<b>6.3.</b>	<b>Días de chuvia en xaneiro de 2016.....</b>	<b>19</b>
<b>6.4.</b>	<b>Evolución da precipitación en xaneiro de 2016.....</b>	<b>21</b>
<b>7</b>	<b>VENTO .....</b>	<b>22</b>
<b>8</b>	<b>RADIACIÓN SOLAR .....</b>	<b>26</b>
<b>8.1.</b>	<b>Mapa de irradiación solar mensual.....</b>	<b>26</b>
<b>8.2.</b>	<b>Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....</b>	<b>27</b>
<b>9</b>	<b>RAIOS.....</b>	<b>28</b>

**Anexo: Resumo mensual**

**Data edición: 25-2-2016**



**Mes extremadamente cálido e húmido.**

## 1 INTRODUCCIÓN

Este informe é o primeiro no que se considera o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
<5%	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
> 95%	Extremadamente cálido.

**Táboa 0.1.** Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
<5%	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
> 95%	Extremadamente Húmido.

**Táboa 0.2.** Cualificación do mes en función da precipitación.



## 2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xaneiro estivo caracterizado por un primeiro período de inestabilidade atmosférica con continua chegada de borrascas activas dende o Atlántico e unha segunda metade algo máis estable con temperaturas elevadas.

Así, no primeiro día do mes unha borrasca activa deixaba chuvias xeneralizadas e por momentos de intensidade moderada en toda a Comunidade, con temperaturas suaves e ventos do suroeste entre moderados e fortes.

No día 2 as temperaturas descenderon e as chuvias fixéronse máis intermitentes, pero de novo o día 4 outra borrasca intensa chegaba a Galicia, ocasionando un novo evento de chuvia xeneralizada e con frío durante o seguinte día.

Esta secuencia de chegada de fronteas activas con abundantes precipitacións e períodos curtos de frío foise repetindo ata a xornada do día 14, destacando como moi chuviosas a tarde do día 7 e as primeiras horas do día 8 e tamén a xornada do día 10.

En canto as temperaturas, en xeral foron moi suaves neste período, destacando como día de máis frío a xornada do día 5. Durante o día 15 e o 16 as altas presións estabilizaron a atmosfera, polo que tivemos dúas xornadas de tempo seco, soleado polas tardes, pero con frío e néboas nas primeiras horas e xeadas xeneralizadas no interior.

O día 17 unha nova borrasca atlántica foise achegando a Galicia, deixando un aumento das nubes e algunhas chuvias que de xeito intermitente afectaron a todo o territorio galego. Esta fronte arrastraba tras de si aire frío, polo que as temperaturas descenderon considerablemente.

Tamén o día 18 as baixas presións dominaron o panorama meteorolóxico, traendo ventos de compoñente oeste con intensidade entre moderada e forte e chuvias en todo o territorio galego.

Entre os días 19 e 24 Galicia quedou nunha situación intermedia entre as altas presións, que se localizaban no Mediterráneo occidental, e as baixas situadas no Atlántico norte: Deste xeito, un corredor de isóbaras foi achegando aire cálido dende o sur o que fixo que as temperaturas fosen subindo progresivamente, tanto as mínimas como as máximas, para deixar valores elevados ao final deste período.



O día 23 as máximas estiveron moi preto dos 20°C, valor que foi superado de xeito bastante xeneralizado o día 24. En canto ao estado do ceo, foi variable nese período posto que dentro desa situación intermedia, pequenos cambios na posición de cada un deses dous centros de acción bastaban para modificar a situación. En xeral, a norma nesas xornadas foi de ceos máis anubrados no oeste, con algunha chuvia feble, mentres que no leste o ceo permaneceu en xeral máis despexado.

A derradeira semana do mes estivo caracterizada pola intermitencia entre as borrascas e os anticiclóns. Comezaba o día 25 co achegamento dunha borrasca que deixou un día de ventos intensos a primeiras horas e chuvias xeneralizadas, aínda que non moi intensas.

O día 26 foi de transición, con tempo seco, vento en calma e baixada de temperatura., pero nas derradeiras horas dese día e durante a xornada do 27 outra borrasca deixaba un episodio de tempo desapracible, con ventos do suroeste e chuvias xeneralizadas, estendéndose a inestabilidade ao día 28.

A xornada do 29 foi de novo anticiclónica e, polo tanto, o tempo en xeral foi seco. Nos dous últimos días do mes houbo unha situación intermedia entre as altas presións de Azores e as baixas do Atlántico norte, deixando xornadas de abundantes nubes, escasas precipitacións e temperaturas altas para a época do ano.

### **3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**

As anomalías de presión tanto a nivel de superficie (figura 1) como en 500 hPa (figura 2) amosan un área de presións máis baixas do normal sobre o Atlántico norte estendéndose cara ás illas Británicas o que pon de manifesto que as borrascas que percorreron esta traxectoria foron máis profundas do habitual e polo tanto máis activas, con frontes que deixaron importantes cantidades de chuvia. Tamén se observan anomalías positivas no norte de África que poden explicar as elevadas temperaturas que tivemos moitos dos días neste mes.



### Anomalías de presión atmosférica a nivel medio do mar. Xaneiro 2016




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.

### Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa. Xaneiro 2016




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.



#### 4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (Coruña-Torre de Hércules, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, de Meteogalicia).

O valor climático corresponde ao promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

##### A CORUÑA

	XANEIRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	<b>12.4</b>	10.8	12.3 (1966)	8.5 (1976)
Tª mínima media	9.9	8.2	10.2 (1966)	4.9 (1953)
Tª mínima absoluta	3.8 (día 16)	-0.8 (01/01/1971)		
Tª mínima máis alta	15.3 (día 23)	15.6 (10/01/1998)		
Tª máxima media	<b>14.9</b>	13.4	14.9 (2008)	11.3 (1985)
Tª máxima absoluta	20.7 (día 24)	21.2 (26/01/1983)		
Tª máxima máis baixa	11.7(día 5)	4.6 (10/01/2010)		
Precipitación acumulada	237	79-132	349 (1948)	3 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	17	14	27 (2014)	1 (1964)

*Comentario: Mes extremadamente cálido tendo en conta todas as temperaturas. Tanto a temperatura media como a máxima media foron os rexistros máis altos da serie.*

*A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase extremadamente húmido. O número de días de chuvia tamén é superior ó valor climático agardado.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2016 Temperatura: 1948-2016



## SANTIAGO

	XANEIRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.9	8.8	10.7 (1982)	6.9 (1985)
Tª mínima media	6.9	5.2	7.4 (1982)	2.0 (1992)
Tª mínima absoluta	2.0 (día 16)	-4.3 (09/01/1985)		
Tª mínima máis alta	13.7 (día 22)	13.0 (19/01/2007)		
Tª máxima media	12.8	12.4	14.0 (1982)	10.6 (1985)
Tª máxima absoluta	20.4 (día 24)	21.2 (12/01/1997)		
Tª máxima máis baixa	9.0 (día 5)	3.1 (14/01/1987)		
Precipitación acumulada	390	186-251	523 (2001)	44 (1983)
Días de chuvia (≥1mm)	24	15	28 (2014)	3 (1983)

*Comentario:* Mes moi cálido tendo en conta as temperatura mínimas e as medias, mentres que para as máximas o mes resultou cálido.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase extremadamente húmido nesta localidade. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia moito maior que o valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2016. Temperatura: 1982-2016

## LUGO

	XANEIRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	8.2	6.4	9.1 (1966)	3.6 (1976)
Tª mínima media	4.3	2.4	7.6 (1966)	-1.3 (1976)
Tª mínima absoluta	-3.2 (día 16)	-10.1 (03/01/1971)		
Tª mínima máis alta	12.0 (día 22)	13.0 (09/01/1991)		
Tª máxima media	12.1	10.2	12.7 (1993)	6.5 (1972)
Tª máxima absoluta	20.2 (día 24)	19.0 (06/01/1999)		
Tª máxima máis baixa	7.4 (día 5)	-2.0 (13/01/1987)		
Precipitación acumulada	249	62-124	288 (1970)	21 (1992)
Días de chuvia (≥1mm)	21	13	28 (2001)	3 (2000)

*Comentario:* Mes moi cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi húmido nesta localidade. Destaca o elevado número de días de chuvia con respecto ao valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2016. Temperatura: 1981-2016





**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	XANEIRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.3	9.5	12.1(1966)	7.2 (1976)
Tª mínima media	7.7	5.0	8.8 (1966)	1.2 (1976)
Tª mínima absoluta	1.1 (día 16)	-4.5 (14/01/1987)		
Tª mínima máis alta	14.9 (día 22)	15.6 (01/01/2003)		
Tª máxima media	14.9	14.0	15.6 (1958)	11.6 (1972)
Tª máxima absoluta	22.0 (día 24)	23.5 (25/01/1959)		
Tª máxima máis baixa	9.5 (día 17)	3.0 (14/01/1987)		
Precipitación acumulada	361	172-204	536 (1970)	24 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	24	14	28(2014)	3 (1992)

*Comentario: Mes extremadamente cálido tendo en conta as temperaturas media e as mínimas medias, mentres que para a media das máximas o mes considérase moi cálido. A chuvia rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi húmido. Destaca o número de días de chuvia, moi superior ao valor climático agardado..*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2016. Temperatura: 1958-2016

**OURENSE**

	XANEIRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.9	8.1	11.1 (1982)	4.4 (1976)
Tª mínima media	5.8	3.4	7.3 (1982)	-1.9 (1976)
Tª mínima absoluta	-1.8 (día 16)	-7.0 (10/01/1985)		
Tª mínima máis alta	13.5 (día 7)	14.0 (10/01/2004)		
Tª máxima media	13.9	12.7	14.8 (1982)	9.9 (1972)
Tª máxima absoluta	20.2 (día 24)	22.0 (27/1/2003)		
Tª máxima máis baixa	9.6 (día 5)	1.0 (07/01/1973)		
Precipitación acumulada	<b>221</b>	69-98	209 (1974)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	19	11	23 (2014)	0 (1981)

*Comentario: Mes moi cálido en xeral para todas as temperaturas nesta localidade. A chuvia rexistrada é moi superior ao rango de valores normais, sendo ademais a máxima da serie. Tendo isto en conta, o mes pode caracterizarse como extremadamente húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia moi superior ao agardado.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2016. Temperatura: 1972-2016



## 5 TEMPERATURA

Ao igual que as chuvias, as temperaturas tamén estiveron moi por riba do agardado nun mes de xaneiro. Neste caso a primeira quincena non presentaba unha anomalía tan destacada, posto que entre borrasca e borrasca tivemos algunha entrada de aire frío, pero na segunda quincena tivemos episodios de chegada de aire cálido procedente do sur, principalmente na terceira semana, con valores que chegaron a superar os 20°C os días 23 e 24, rexistrándose de xeito bastante xeneralizado mínimas que non descendían por debaixo dos 10°C nesa semana..

### 5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xaneiro de 2016.



En conxunto, o valor medio das temperaturas máximas no mes de xaneiro foi de 11.1 °C. Os valores máis baixos (preto dos 0.0 °C) rexistráronse na alta montaña ourensá (Manzaneda, Pena Trevinca). Os valores máis altos, déronse esta vez, no litoral da Mariña oriental luguesa, nalgúns localidades da comarca de A Coruña e no concello de O Rosal onde se acadaron valores lixeiramente superiores aos 15.0 °C.

## 5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xaneiro foi de 5.0 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados en Manzaneda e Pena Trevinca (-2.0 °C). Os valores máis altos acadáronse na Península do Morrazo e Vigo, e nalgúns puntos de Ribeira, onde se acadaron valores próximos aos 11°C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xaneiro de 2016.



### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A desviación respecto á temperatura media en xaneiro, no conxunto de Galicia, tendo en conta os valores do mapa, foi de +1.6 °C, debido especialmente as temperaturas mínimas rexistradas. Cabe destacar algunhas zonas nas que as anomalías estiveron próximas a 0°C, principalmente na Serra do Suído no sudoeste da comarca de Terras de Celanova e zonas de alta montaña. Así mesmo hai zonas con anomalías por riba dos 3 °C, na comarca de Sarria.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xaneiro respecto ao período 1981-2010.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. As anomalías máis altas neste mes de xaneiro foron na comarca de Sarria.

Anomalías máis altas de temperatura media		
con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Sarria	Lugo	3.5
Páramo (O)	Lugo	3.0
Láncara	Lugo	2.9
Bóveda	Lugo	2.8
Cambre	A Coruña	2.6
Corgo (O)	Lugo	2.6
Negueira de Muñiz	Lugo	2.5
Paradela	Lugo	2.5
Verín	Ourense	2.5
Barco de Valdeorras (O)	Ourense	2.5

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de xaneiro de 2016.

Anomalías máis baixas de temperatura media		
con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Verea	Ourense	0.5
Lama (A)	Pontevedra	0.6
Melón	Ourense	0.7
Vilariño de Conso	Ourense	0.7
Fornelos de Montes	Pontevedra	0.8
Beariz	Ourense	0.8
Cerdedo	Pontevedra	0.9
Forcarei	Pontevedra	0.9
Porto do Son	A Coruña	0.9
Covelo	Pontevedra	1.0

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de xaneiro de 2016.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1981-2010. A distribución xeográfica destas anomalías é moi heteroxénea.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xaneiro de 2016 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada do 24 de xaneiro foi a máis calorosa tendo en conta as dúas altitudes.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2016				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/01/2016	Lourenzá	Lourenzá	Lugo	23.8
24/01/2016	Vilamor	Mondoñedo	Lugo	23.6
24/01/2016	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	23.3
24/01/2016	A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	23.2
24/01/2016	Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	22.9
24/01/2016	Meder	Salvaterra de Miño	Pontevedra	22.9
24/01/2016	Borreiros	Viveiro	Lugo	22.9
24/01/2016	Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	22.8
24/01/2016	Porto de Vigo	Vigo	Pontevedra	22.6
24/01/2016	Vigo	Vigo	Pontevedra	22.5

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2016 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2016				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
23/01/2016	Corzos	A Veiga	Ourense	16.3
24/01/2016	Xurés	Muiños	Ourense	15.2
31/01/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	14.7
24/01/2016	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	14.2
24/01/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	14.1
23/01/2016	Xurés	Muiños	Ourense	13.9
31/01/2016	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	13.9
24/01/2016	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	13.8
24/01/2016	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	12.9
23/01/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	12.8

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2016 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xaneiro de 2016 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A xornada do día 16 de xaneiro foi a máis fría en altitudes altas e baixas.

<b>Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2016</b>				
<b>por enriba dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
16/01/2016	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-6.7
16/01/2016	Corzos	A Veiga	Ourense	-5.7
19/01/2016	Xares	A Veiga	Ourense	-5.6
16/01/2016	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-5.5
16/01/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	-5.0
16/01/2016	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-4.8
16/01/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-4.5
16/01/2016	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-4.3
16/01/2016	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	-3.8
16/01/2016	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	-3.5

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2016 altitude superior a 1000 m.

<b>Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2016</b>				
<b>por enriba dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
23/01/2016	Corzos	A Veiga	Ourense	16.3
24/01/2016	Xurés	Muiños	Ourense	15.2
31/01/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	14.7
24/01/2016	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	14.2
24/01/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	14.1
23/01/2016	Xurés	Muiños	Ourense	13.9
31/01/2016	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	13.9
24/01/2016	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	13.8
24/01/2016	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	12.9
23/01/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	12.8

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2016 altitude inferior a 1000m.

#### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2016.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016, para esta serie, foi 9.7 °C. O valor máis alto dende 1966.




Figura 7: Temperatura media ó longo do período 1961-2016 para xaneiro.

A anomalía media para este mes de xaneiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +1.7°C, o que fai que o mes poida considerarse extremadamente cálido.




Figura 8: Evolución da anomalía de temperatura media en xaneiro, respecto ó período 1981-2010.






## 6 PRECIPITACIÓN

As chuvias acumuladas durante todo o mes estiveron moi por riba dos valores climáticos, superándose nalgúns casos o dobre do normal nesta época do ano. Este anómalo comportamento explícase principalmente polo continuo achegamento de borrascas moi activas nos primeiros días do mes, con ríos atmosféricos asociados que deixaron, soamente nos primeiros 10 días, chuvias superiores ás normais en todo un mes de xaneiro. Na segunda quincena do mes as chuvias foron máis intermitentes, pero continuaron rexistrándose cantidades significativas.

Os valores mensuais máis altos rexistráronse en Caldas, Forcarei, Cuntis e Lousame, con máis de 600 L/m<sup>2</sup> e os máis baixos corresponderon ó concello de Verín con 172 L/m<sup>2</sup> e nalgúns puntos de Carballeda de Valdeorras, con valores inferiores a este último.

### 6.1. Precipitación acumulada mensual Xaneiro 2016




**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de xaneiro de 2016.



## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

Os valores máis altos de porcentaxe de desviación da precipitación con respecto dos normais acadáronse nas comarcas de Ancares e Fonsagrada, Valdeorras, Ferrol, e Sober, cunha porcentaxe de precipitación de case catro veces superior ao valor normal para estas localidades. Os valores máis baixos pola contra acadáronse na Terra de Trives onde se acadaron valores normais de precipitación. O valor medio da porcentaxe de precipitación, segundo o mapa, para a Comunidade foi de 226% (+126% por riba da media, considerada esta o 100%).



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xaneiro de 2016.



### 6.3. Días de chuvia en xaneiro de 2016

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m<sup>2</sup>) foi de 21.6. Os valores máximos obtivéronse nas comarcas do Sar, O Barcala e o Xallas, ademais de na comarca de Ferrol, nestas rexións acadáronse ata 25 días de chuvia. Os valores máis baixos estiveron nalgunhas localidades das comarca de Verín e A Limia (16 días).




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m<sup>2</sup> durante o mes de xaneiro de 2016.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de xaneiro. Na xornada do 7 de xaneiro acadáronse valores por riba dos 60 L/m<sup>2</sup> en moitas localidades da provincia de Pontevedra.

Precipitacións acumuladas máximas en xaneiro de 2016			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	824
Pereira	Forcarei	Pontevedra	715
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	702
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	698
Muralla	Lousame	A Coruña	663
Caldas de Reis	Caldas de Reis	Pontevedra	604
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	599
Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	582
Cespón	Boiro	A Coruña	574
Labrada	Abadín	Lugo	556


**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2016.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	152	07/01/2016 8:00
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	145	07/01/2016 3:50
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	143	07/01/2016 0:50
Pereira	Forcarei	Pontevedra	142	07/01/2016 6:50
Muralla	Lousame	A Coruña	129	13/01/2016 5:40
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	126	07/01/2016 11:20
CIS Ferrol	Ferrol	A Coruña	119	07/01/2016 7:50
Cariño	Cariño	A Coruña	109	07/01/2016 6:50
SFaladoira	Ortigueira	A Coruña	109	07/01/2016 4:00
Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	107	09/01/2016 20:50

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xaneiro de 2016.


## 6.4. Evolución da precipitación en xaneiro de 2016

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016, para esta serie, foi 345 L/m<sup>2</sup>, o valor máis alto dende 1970.



**Figura 12:** Precipitación ó longo do período 1961-2016 para xaneiro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xaneiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas foi dun 142% por riba do normal, o que fai que o mes poida considerarse extremadamente húmido.



**Figura 13:** Evolución da anomalía de precipitación en xaneiro, respecto ó período 1981-2010.



## 7 VENTO

Na táboa 9 móstranse aquelas estacións meteorolóxicas nas que se rexistraron máis de 100 km/h neste mes de xaneiro. Foron moitas as xornadas e localidades nas que se superou este limiar en xaneiro.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xaneiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
10/01/2016	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	160.7
10/01/2016	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	142.4
01/01/2016	A Gándara	Vimianzo	A Coruña	139.8
06/01/2016	Burela	Burela	Lugo	126.3
08/01/2016	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	124.8
10/01/2016	Malpica	Malpica	A Coruña	123.3
06/01/2016	Punta Langosteira	Arteixo	A Coruña	120.0
08/01/2016	Muralla	Lousame	A Coruña	119.6
01/01/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	119.2
09/01/2016	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	117.0
10/01/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	115.5
09/01/2016	Lira	Carnota	A Coruña	114.7
07/01/2016	Amiudal	Avión	Ourense	114.6
09/01/2016	Xurés	Muiños	Ourense	114.6
11/01/2016	Sálvora	Ribeira	A Coruña	112.5
01/01/2016	Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	110.4
08/01/2016	Fragavella	Abadín	Lugo	107.2
03/01/2016	Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	106.8
09/01/2016	Ons	Bueu	Pontevedra	105.9
11/01/2016	Cariño	Cariño	A Coruña	105.4
07/01/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	105.3
08/01/2016	Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	104.9
06/01/2016	Corno do Boi	Friol	Lugo	104.7
10/01/2016	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	103.4
09/01/2016	Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	102.0
08/01/2016	Marco da Curra	Monfero	A Coruña	102.0

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores ós 100 km/h en xaneiro de 2016.



Destaca nas seguintes táboas o feito do pequeno valor da porcentaxe de calmas, e dos elevados valores que se acadan nos valores de velocidade media que se observan.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	114.7	S	1		
		Día 9				
Pta. Candieira	Cedeira	142.4	SO	2		
		Día 10				
Malpica	Malpica	123.3	O	1		
		Día 10				
Marco da Curra	Monfero	102.0	SO	1		
		Día 8				

**Táboa 10:** Resumo do vento no mes de Xaneiro de 2016 na provincia de A Coruña.





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	126.3	S	4		
		Día 6				
Ancares	Cervantes	119.2	S	3		
		Día 1				

**Táboa 11:** Resumo vento no mes de Xaneiro de 2016 na provincia de Lugo





PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	114.6	SO	5		
		Día 9				
Rodicio	Maceda	92.3	SO	7		
		Día 1				





PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	74.0	O	19		
		Día 9				

**Táboa 12:** Resumo do vento no mes de Xaneiro de 2016 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	102.0	S	5		
		Día 9				
Ons	Bueu	105.9	S	2		
		Día 9				

**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de Xaneiro de 2016 na provincia de Pontevedra.



## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual





Figura 13: Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de Xaneiro de 2016.



## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



## 9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 334 raios en Galicia. A provincia de A Coruña foi a que máis raios rexistrou. Na figura 15 móstrase a distribución por día dos raios neste mes.




Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en xaneiro de 2016.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.





Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en xaneiro 2016.



Na figura 17, pódese ver o total de raios rexistrados en xaneiro en Galicia dende o ano 2010 ao 2016.



**Figura 17:** Número total de raios rexistrados en xaneiro dende 2010 a 2016.

**MeteoGalicia**  
**Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental**  
**Consellería de Medio Ambiente e ordenación do Territorio**  
**Xunta de Galicia**



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 1

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C	T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med.	Xeada	
<b>A Coruña</b>																								
A Coruña-Torre de Hérculo	12.3	14.9	20.7	24	9.9	3.8	16	237	45.1	7	-	74	87	61	-	-	-	-	-	--	-	26	0	
A Gándara	8.7	10.9	16.3	24	6.7	2.6	16	400	63.2	13	372	88	95	77	19	53	360	33	140	1	970	25	0	
Aldea Nova	9.8	12.5	19.8	24	7.2	2.8	16	445	78.8	7	362	83	95	69	21	59	360	16	84	9	986	27	0	
Arzúa	8.5	11.8	18.9	24	5.0	-1.7	16	420	70.6	7	395	88	97	75	22	62	390	10	71	8	976	26	2	
Camariñas	12.7	14.5	19.0	24	10.1	3.8	16	346	55.5	13	289	76	87	64	24	69	443	27	94	1	1018	28	0	
Cariño	12.4	15.1	21.6	24	9.5	4.4	16	372	88.0	7	325	78	93	64	22	63	406	21	105	11	1017	25	0	
Cespón	11.0	14.4	20.6	24	7.6	3.0	29	574	80.8	3	546	88	99	73	24	67	405	10	65	8	1015	28	0	
CIS Ferrol	11.3	14.5	20.6	24	8.1	0.9	16	480	84.7	7	441	86	99	67	22	61	400	14	87	11	1015	25	0	
Corrubedo	12.2	14.4	18.7	24	9.9	5.0	29	266	35.6	8	224	83	94	69	25	71	445	23	85	11	1017	25	0	
Coruña-Dique	12.2	14.8	20.9	24	9.5	2.9	16	232	52.0	7	--	85	98	70	-	-	-	23	98	6	1018	25	0	
*Costa	10.2	13.7	20.3	24	6.6	1.3	16	363	37.5	7	--	91	99	76	-	-	-	5	55	7	1000	24	0	
*Coto Muiño	8.9	12.3	18.8	24	5.2	-1.4	29	492	77.4	7	-	94	99	81	-	-	-	6	61	11	-	25	3	
Fontecada	8.6	11.5	17.8	24	5.9	0.1	29	698	116.5	7	--	88	94	76	19	53	356	--	--	--	976	27	0	
*Guísamo	10.5	13.7	20.9	24	7.8	2.0	16	273	31.0	7	--	78	89	64	-	-	-	4	46	10	998	26	0	
*Lesende	10.5	13.3	19.2	24	7.5	1.8	16	378	42.2	7	347	82	90	68	21	60	373	8	66	7	1000	24	0	
Lira	11.0	12.9	17.5	24	9.0	5.6	16	273	39.2	13	236	86	96	73	24	70	400	35	115	9	-	25	0	
Mabegondo	10.5	14.5	22.2	24	6.5	-2.1	16	308	42.8	7	279	87	96	73	27	77	451	12	77	8	1008	23	3	
Malpica	10.9	13.4	19.4	24	8.5	5.4	16	331	49.1	7	286	82	94	65	24	68	428	30	123	10	999	25	0	
Marco da Curra	6.9	9.6	16.9	24	4.7	0.3	16	441	82.4	7	420	92	98	81	20	56	360	27	102	8	943	26	0	
Melide	8.0	11.3	19.5	24	4.5	-0.5	29	363	55.4	8	335	90	97	77	19	53	343	11	68	9	964	25	2	
Muralla	7.4	9.6	15.6	24	5.4	1.5	16	663	99.7	7	648	95	99	85	17	50	307	31	120	8	942	26	0	
*O Val	11.2	14.4	21.0	24	7.7	0.3	16	404	67.9	7	-	85	97	70	-	-	-	6	60	9	1011	26	0	
Olas	8.5	11.5	18.5	24	5.6	1.1	15	371	63.4	8	350	92	99	79	19	55	357	18	80	5	-	27	0	
*Ordes	9.1	12.5	19.7	24	5.0	-2.1	16	401	60.8	7	-	90	98	77	-	-	-	7	56	3	987	27	2	
*Paramos	8.7	11.7	18.1	24	5.5	-0.1	16	599	89.6	13	-	93	99	81	-	-	-	11	72	9	977	29	1	
*Pazo de Galegos	10.1	13.3	21.3	24	6.9	0.3	29	342	43.7	10	319	90	98	76	22	64	399	5	47	7	993	24	0	
Punta Candieira	10.7	12.9	20.5	24	8.7	5.5	5	203	58.6	7	155	81	94	68	21	61	386	45	142	10	987	26	0	
Punta Langosteira	12.7	14.8	21.3	24	10.2	5.7	16	92	20.5	7	-	79	95	66	23	66	396	28	120	6	1016	22	0	
Río do Sol	7.7	10.3	17.3	24	5.5	1.3	16	445	79.6	7	304	93	99	82	18	52	351	28	94	7	958	26	0	
*Rus	10.6	14.2	21.5	24	7.0	0.1	16	333	60.6	7	-	87	96	73	-	-	-	7	47	5	1003	24	0	
Sálvora	12.9	14.4	17.2	24	10.8	6.6	16	313	37.9	8	264	82	93	69	28	81	471	31	113	11	-	24	0	
Santiago-EOAS	9.8	12.8	20.4	24	6.9	2.0	16	390	72.0	7	363	88	96	73	22	64	390	12	81	8	989	24	0	
Santiago-San Lázaro	9.6	12.3	20.0	24	6.8	0.3	16	370	51.8	7	--	87	95	74	21	61	369	13	84	7	983	25	0	
Sergude	9.5	13.0	21.8	24	6.1	0.5	29	354	51.5	7	-	92	100	76	15	43	318	-	-	--	-	25	0	
Serra da Faladoira	7.6	10.1	18.3	24	5.4	1.4	16	526	95.3	7	503	92	99	80	23	67	410	27	107	3	951	25	0	

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 1

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med. hPa	Choiva
<b>Lugo</b>																										
A Pontenova	8.6	11.7	20.6	24	6.0	0.5	16	278	48.3	8	-	84	95	70	19	53	370	-	-	--	-	-	--	-	25	0
Abradelo	6.6	9.6	18.2	23	3.8	-2.1	16	301	53.1	10	-	84	95	70	21	62	410	-	-	--	-	-	--	-	22	3
Alto de Cerredo	5.5	7.9	16.3	24	3.3	-0.6	16	388	58.3	7	--	91	98	80	-	-	-	13	79	3	908	27	3	908	27	3
*Alto do Faro	5.9	8.4	14.5	24	3.3	-1.6	16	307	50.4	10	-	91	98	79	-	-	-	11	64	7	922	23	2	922	23	2
*Alto do Poio	2.8	5.2	12.9	24	0.5	-4.8	16	484	72.7	10	-	93	99	82	-	-	-	9	62	14	-	-	--	-	26	17
Ancares	3.2	5.7	12.8	23	0.8	-5.0	16	227	36.4	4	203	92	99	80	21	61	374	29	119	1	865	24	14	865	24	14
*Borreiros	10.6	14.7	22.9	24	6.5	0.5	16	379	61.9	7	345	81	95	62	22	62	391	7	65	3	1010	22	0	1010	22	0
Bóveda	7.9	11.8	20.2	24	4.6	-2.4	16	234	43.6	10	208	88	97	71	23	65	419	8	60	5	970	24	2	970	24	2
Burela	9.2	12.0	20.1	24	7.0	4.1	5	315	46.0	28	241	79	92	62	29	83	482	21	126	6	968	21	0	968	21	0
Campus Lugo	8.1	12.1	20.2	24	4.3	-3.2	16	249	47.2	8	222	87	97	69	23	65	426	8	67	1	972	29	5	972	29	5
Castro R. de Lea	7.9	11.6	19.8	24	4.4	-3.4	16	250	55.1	8	-	96	100	82	23	65	399	-	-	--	970	25	5	970	25	5
Conchada	7.0	10.1	18.0	24	4.3	-1.6	16	223	43.8	10	-	90	98	77	23	65	418	-	-	--	-	-	--	-	24	1
Corno do Boi	6.3	9.0	17.1	24	4.0	-0.8	16	442	67.2	7	426	95	100	84	19	53	348	23	105	6	-	-	--	-	31	2
Courel	6.3	9.4	17.8	24	3.8	-1.4	16	354	59.8	10	328	83	93	70	18	52	351	11	83	1	930	26	2	930	26	2
*Fontaneira	5.5	8.4	17.3	24	3.2	-0.6	15	403	49.5	10	252	91	97	79	18	51	405	7	57	6	914	26	5	914	26	5
Foz	10.9	14.6	22.4	24	7.5	1.0	16	269	46.6	8	-	77	91	62	28	78	440	-	-	--	1010	23	0	1010	23	0
Fragavella	7.7	10.4	18.3	24	4.9	-0.8	16	427	54.8	7	397	88	98	75	26	74	438	27	107	8	948	28	2	948	28	2
Guitiriz	6.9	9.6	16.8	24	4.5	0.4	5	371	59.8	7	--	92	99	80	--	--	--	--	--	--	942	26	0	942	26	0
*Labrada	6.8	9.4	17.3	24	4.4	1.1	16	556	63.1	7	424	88	97	76	20	57	388	16	70	11	-	-	--	-	26	0
*Lanzós	7.3	11.2	19.6	24	3.1	-3.6	16	373	60.1	7	--	90	98	75	-	-	-	4	51	14	963	25	8	963	25	8
*Lourenzá	10.7	14.6	23.8	24	6.8	-0.9	16	308	41.8	8	-	80	93	62	-	-	-	8	63	6	-	-	--	-	23	1
Marroxo	7.6	10.5	18.1	24	5.0	-0.9	16	229	45.2	10	203	87	96	73	20	57	384	11	75	1	946	22	1	946	22	1
*Míllara	8.6	12.3	19.9	24	5.4	-1.4	16	253	43.0	10	-	90	99	71	-	-	-	9	74	7	-	-	--	-	22	1
*Morelle	8.1	12.2	20.7	24	3.8	-4.6	16	225	46.6	10	201	88	99	70	20	59	395	6	49	8	971	26	8	971	26	8
O Cebreiro	2.3	4.8	11.2	24	0.2	-4.3	16	413	72.5	10	402	97	100	89	14	40	328	20	92	5	871	26	18	871	26	18
O Xipro	6.4	9.6	17.9	24	3.8	-1.6	16	308	42.9	10	--	87	97	71	23	66	453	14	68	3	930	23	3	930	23	3
*Olveda	6.8	10.3	17.5	24	3.6	-2.3	16	252	51.4	10	232	93	100	80	20	59	405	6	59	9	-	-	--	-	23	2
Pedro Murias	11.9	15.3	22.0	24	8.9	3.9	16	257	56.3	7	--	75	86	61	25	70	400	16	86	6	1013	22	0	1013	22	0
Penedo do Galo	8.0	10.3	18.5	24	6.0	2.5	5	362	57.2	28	-	85	96	72	22	62	384	-	-	--	-	-	--	-	21	0
Pol	7.1	10.1	19.6	24	4.5	-0.8	16	258	44.9	8	-	88	98	73	24	67	419	-	-	--	943	26	2	943	26	2
Portomarín	8.0	11.7	19.6	24	4.1	-3.5	16	240	48.4	10	-	88	97	70	15	43	346	-	-	--	968	26	4	968	26	4
Sambreio	7.7	11.3	19.7	24	3.9	-2.7	29	296	42.8	8	-	88	96	73	23	66	398	-	-	--	-	-	--	-	29	6
*San Clodio	8.9	12.9	20.8	24	5.6	-1.9	16	226	46.5	10	-	88	99	69	-	-	-	4	43	24	990	23	3	990	23	3
*San Fiz	8.6	12.1	19.5	24	5.3	-1.3	16	244	40.1	10	218	89	98	73	22	64	424	7	54	1	974	22	1	974	22	1
Ventosa	6.0	9.3	17.9	24	3.0	-1.7	16	291	48.9	10	--	82	95	63	21	60	452	--	--	--	918	26	5	918	26	5
*Vilamor	10.5	14.4	23.6	24	6.5	-0.6	16	290	33.3	7	257	77	89	60	22	63	384	5	55	8	-	-	--	-	21	1
*Xabrega	9.2	13.0	20.6	24	5.7	-0.4	16	291	61.5	10	257	82	93	65	17	50	398	9	73	7	983	20	1	983	20	1

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 1

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med.	Choiva
<b>Ourense</b>																										
A Mezquita	4.6	7.6	13.9	31	1.9	-3.8	16	343	68.4	10	319	92	98	80	24	69	439	12	81	9	904	25	10			
*A Portela	8.3	12.2	19.3	24	5.3	-2.1	16	244	49.4	10	217	86	97	67	19	53	379	6	65	7	-	23	1			
*A Trabe	6.2	9.0	15.0	24	3.9	-1.2	16	285	72.5	10	264	90	95	80	19	56	389	4	47	5	931	22	1			
Alto do Rodicio	5.2	7.6	14.1	24	2.9	-1.8	16	331	56.2	10	316	95	100	86	17	48	318	21	92	1	907	24	4			
Amiudal	7.6	10.5	16.6	24	5.0	0.5	16	433	74.3	10	408	89	96	76	20	59	405	17	115	7	956	24	0			
As Petarelas	7.1	11.0	20.9	24	4.2	-2.0	16	314	67.1	10	-	86	95	69	21	60	418	-	-	--	-	22	1			
Baltar	6.4	10.2	15.6	21	2.6	-5.8	16	279	60.0	10	254	90	100	70	25	74	478	12	71	11	928	24	9			
Cabeza de Manzaneda	0.8	3.3	9.7	23	-1.6	-6.7	16	360	71.9	10	--	93	100	80	23	68	464	35	117	5	824	24	22			
*Calvos	5.8	9.1	15.6	23	2.4	-6.2	16	407	93.7	10	387	93	99	78	23	68	442	13	79	10	-	23	9			
Casaio	4.3	7.2	13.8	24	1.5	-2.7	16	196	38.1	10	--	83	97	63	-	-	-	11	103	10	-	23	13			
*Corzos	3.9	7.3	16.3	23	1.0	-5.7	16	241	53.2	10	--	90	97	76	-	-	-	10	72	10	-	23	16			
Entrimo	6.9	10.0	19.3	24	4.1	-1.1	16	444	73.1	3	-	91	99	76	20	58	454	-	-	--	-	23	1			
*EVEGA Leiro	8.9	14.1	23.3	24	4.9	-2.2	16	298	49.0	10	-	91	97	72	-	-	-	3	46	11	1008	27	4			
Gandarela	7.8	10.9	16.4	24	5.2	-0.3	16	231	50.1	10	206	90	97	78	22	64	441	12	74	9	948	22	1			
Lardeira	1.6	4.1	11.6	24	-0.8	-5.5	16	255	56.3	10	201	92	99	77	24	70	430	36	161	10	838	23	20			
*Larouco	7.9	11.8	18.7	24	4.7	-2.1	16	208	34.8	10	-	79	90	63	-	-	-	4	48	11	960	21	1			
Laza	7.1	10.8	17.2	24	4.2	-2.9	16	260	46.4	10	238	90	98	75	20	58	398	6	57	11	-	24	4			
Monte Medo	7.5	10.7	16.4	24	4.8	-2.4	16	276	49.6	10	-	87	98	70	22	64	413	-	-	--	-	24	2			
O Invernadeiro	4.4	7.2	14.7	31	1.7	-4.5	16	470	95.9	10	455	94	99	84	15	45	338	10	77	7	903	22	11			
Ourense	9.6	13.9	20.2	24	5.8	-1.8	16	222	44.4	10	-	85	96	64	-	-	-	-	-	--	-	25	2			
Ourense-Estacións	9.9	14.2	20.8	24	6.4	-0.4	16	237	48.6	10	212	85	96	65	20	59	396	4	50	7	1006	22	1			
*Pazo de Fontefiz	8.9	12.0	18.1	24	6.0	-0.3	16	291	50.1	10	173	81	90	68	17	50	392	6	72	6	975	23	1			
*Ponte Boga	8.7	12.3	19.1	24	5.3	-2.4	16	244	55.3	10	92	76	88	61	20	59	440	6	55	24	968	22	1			
*Prado	9.3	13.6	21.5	24	5.9	-0.6	16	245	37.6	10	--	88	95	73	-	-	-	3	47	8	1006	21	1			
Remuíño	9.1	13.6	19.3	24	5.7	-1.6	16	375	59.5	10	251	93	98	76	13	36	361	4	58	7	-	25	2			
*Riós	5.9	9.1	15.6	24	3.1	-3.0	16	247	48.5	10	230	94	100	82	17	49	368	5	43	8	-	23	5			
San Xoán de Río	4.5	7.7	14.2	24	2.0	-3.5	16	266	53.5	10	250	95	100	83	18	53	364	18	83	10	902	26	11			
Serra do Eixe	3.8	6.3	14.1	24	1.4	-2.7	16	285	42.9	10	267	92	99	80	20	59	350	23	105	7	881	25	13			
Verín-Vilamaior	7.6	11.2	17.3	24	4.7	-2.6	16	211	35.2	10	190	89	97	73	17	49	357	6	47	1	958	24	2			
Verín-Vilela	7.6	12.2	18.4	24	3.8	-5.4	16	172	32.3	4	150	91	99	72	21	61	409	5	49	11	-	21	5			
Viana do Bolo	6.1	9.4	16.1	23	3.1	-4.5	16	227	48.4	10	202	89	98	74	24	69	423	12	71	10	923	23	7			
Xares	0.7	3.1	8.7	23	-1.6	-5.6	19	286	66.2	10	--	91	98	75	27	79	564	--	--	--	827	26	22			
*Xinzo	7.2	10.4	15.0	24	3.9	-4.5	16	223	43.1	10	199	91	99	78	25	71	462	8	58	9	-	19	5			
Xurés	5.2	8.0	15.2	24	2.7	-1.9	16	465	92.8	10	443	92	99	79	26	74	465	25	115	9	899	25	4			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



